



**Concello  
de Pontevedra**

**MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ LORES**  
Alcalde de Pontevedra

alcaldia@pontevedra.eu  
[www.pontevedra.gal](http://www.pontevedra.gal)

Estimado Luís,

Diríxome a ti para poñerche de manifesto, con datos extraídos da contabilidade oficial da Deputación que presides, unha situación de grave discriminación cara o Concello de Pontevedra e reiterarche por escrito o que xa che transmitín verbalmente nas diversas reunións que mantivemos sobre a necesidade e urxencia de corrixir esta situación anómala.

Dende o ano 1999 e até o ano 2023, a Deputación de Pontevedra sempre tivo a consideración de tratar ao Concello de Pontevedra como lle corresponde por status de capital da provincia, por ser a sede da propia Deputación e por ser a segunda cidade da provincia en poboación . Un trato considerado e respectuoso cara o Concello de Pontevedra, que sempre agradecín e valorei positivamente tanto en público como en privado.

Esta consideración levou durante todos eses anos a que as transferencias ao Concello de Pontevedra, capítulos 4 e 7 de gastos da Deputación, (ou, no seu defecto, nalgúns casos, mediante obras e actuacións executadas pola propia Deputación á demanda do Concello), as cantidades transferidas estivesen sempre no segundo lugar, e varios anos no primeiro, en relación ás cantidades transferidas a outros Concellos da provincia.

En este dilatado período, este status mantívose co Sr. Abeledo de Presidente e Juan Luís Pedrosa de vicepresidente de Pontevedra, co Sr. Louzán de Presidente e Teresa Pedrosa, e despois Ana Isabel Vázquez, como vicepresidentes de Pontevedra, e coa Sra. Carmela Silva de Presidenta e con César Mosquera de Vicepresidente de Pontevedra. Con variacións segundo os exercicios anuais e as posibilidades económicas da Deputación, pero nunca outros Concellos de moita menor poboación e sen o status de capitalidade lle tiña pasado por diante a Pontevedra nas cantidades transferidas pola Deputación.



Pois ben, a pesar da advertencia que fixemos na reunión que tivemos na Casa Consistorial de Pontevedra sobre o risco de que se ía romper con este respecto por parte da Deputación ao status do Concello de Pontevedra, no ano 2024, último exercicio pechado, resultou que houbo 10 Concellos, Vigo e 9 máis, Lalín, Vilagarcía, A Estrada, Tomiño, Sanxenxo, Porriño, Moaña, Marín, e Pontearreas, que recibiron máis transferencias da Deputación que o que recibiu o Concello de Pontevedra. Adxunto táboa con todos os datos sacados da documentación oficial e da contabilidade da Deputación.

Como se pode comprobar na relación de Concellos anterior, non se trata dunha disputa partidista nin moito menos dunha discusión por uns miles de euros máis ou menos. Trátase de que para o Concello de Pontevedra e para min como Alcalde, é unha cuestión de dignidade e de respecto polo status do Concello de Pontevedra. Non é de recibo rebaixar e denigrar ao Concello de Pontevedra da maneira que se está a facer por parte da Deputación que presides e que, de seguir as cousas como até o de agora, vaise a perpetuar neste 2025 e sucesivos.

Pódense retorcer as contas, como se ten feito desde esa Deputación e imputar ao Concello de Pontevedra gastos propios da Deputación do máis variopinto, pódense manipular as contas e deslizar calquera cifra que se lle ocorra a calquera, como os 30 millóns que tiven que escoitar na comparecencia conxunta despois da sinatura dos últimos convenios (igual fan incluídas as reparacións dos coches do Parque Móbel da Deputación, a saber), mais o real, a contabilidade oficial, os capítulos 4 e 7 de gastos, é teimuda: 2,5 millóns para o Concello de Pontevedra no ano 2024 mentres houbo 10 Concellos da provincia aos que se transferiron cantidades superiores.

Podes estar seguro que a Deputación vai a seguir contando con toda a colaboración que necesite do Concello que presido para o desenvolvemento de todas as súas actividades, e sabes que non é meu estilo nin o do meu goberno entrar en guerras entre institucións, pero entenderás que a miña primeira obriga é defender os intereses de Pontevedra e esixir o debido respecto ao status do Concello de Pontevedra, tanto pola poboación que ten como pola capitalidade que ostenta.



Tamén podes estar seguro de que por parte desta Alcaldía vanse dar todas as facilidades e estudar todas as fórmulas para resolver esta grave anomalía que discrimina severamente a Pontevedra. Estou a túa disposición para darlle solución, tanto na forma de negociala como nas solucións que adoptemos conxuntamente para restablecer o equilibrio institucional e económico que Pontevedra merece.

Recibe unha cordial aperta,

**A/a Ilmo. Sr presidente da Deputación de Pontevedra**